

CIRCULAR 170-2024. **CONTROL DE LANZAMENTOS LONGOS**

- **A todas as delegacións da FGA.**
- **A todos/as os/as assembleístas**
- **A todos os clubs galegos con licenza vixente**
- **A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente**
- **A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo (FGA) organiza o Control de Lanzamentos Longos, co patrocinio do Concello de Ordes, o **14 e 15 de decembro** na Cidade Deportiva de Vista Alegre (Ordes – A Coruña): <https://maps.app.goo.gl/ZuUyauskTTv6dCir6>

Art.2).- Poderán intervir atletas Sub 16 e superiores, con licenza en vigor pola FGA.

- Autorízase aos atletas que cambian de categoría na seguinte tempada, a participar cos artefactos autorizados da categoría inmediatamente superior.
- Nas “probas prioritarias” terán preferencia os atletas que non teñan marca na presente tempada, na proba e peso do artefacto a realizar, así como aqueles que presenten unha marca inferior.
- Naquelas probas que non sexan prioridade para o atleta, terán maior preferencia na admisión aqueles atletas que non teñan acadada praza nunha primeira proba.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as **20:00 horas do luns 9 de decembro.**

- No caso de realizar inscrición en máis dunha proba, deberase indicar “P1” nas observacións da proba prioritaria.

Art. 4).- Horario:

	Hora	Proba	Sexo	Grupo
Sábado 14	10:30	Martelo	Masc e Fem	Grupo B
	11:55	Martelo	Fem	Grupo A
	13:20	Martelo	Masc	Grupo A
Domingo 15	10:30	Xavelina	Masc e Fem	Grupo B
	10:30	Disco	Masc e Fem	Grupo B
	11:55	Xavelina	Fem	Grupo A
	11:55	Disco	Masc	Grupo A
	13:20	Xavelina	Masc	Grupo A
	13:20	Disco	Fem	Grupo A

Art.5).- Número de intentos:

- Grupo A
 - o Terán todos 3 intentos e, as 8 mellores marcas, independentemente da súa categoría, disporán doutros 3 intentos de mellora.
- Grupo B
 - o Terán todos 3 intentos, sen mellora.



Art.6).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a servizos@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de **6€ por atleta**.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de **5€ por proba**, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo servizos@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

A Coruña, a 22 de novembro de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo